



## **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**

**Curso 2023/2024**

1.	Aspectos xerais.....	3
1.1.	Obxectivos do plan anual.....	3
1.2.	Medidas a levar a cabo.....	3
1.3.	Recursos para a súa consecución.....	5
1.4.	Oferta educativa no centro no curso 2023-2024.....	5
1.5.	Órganos de goberno.....	5
1.6.	Órganos de coordinación docente.....	7
1.7.	Outros órganos.....	9
1.8.	Xunta de delegados.....	11
1.9.	Avaliación do alumnado .....	12
2.	Aspectos curriculares.....	14
2.1.	Plans .....	14
2.1.1.	Plan de convivencia.....	15
2.1.2.	Plan de orientación.....	15
2.1.3.	Plan de acción titorial e orientación académica e profesional.....	15
2.1.4.	Plan de atención á diversidade .....	15
2.1.5.	Plan anual de lectura.....	15
2.1.6.	Plan de igualdade.....	15
2.2.	Proxectos.....	16
2.2.1.	Proxecto lingüístico.....	16
2.3.	Programas.....	16
2.3.1.	Programas europeos ERASMUS+ .....	16
2.3.2.	Programa CUALE .....	16
2.4.	Cursos AFD.....	16
2.5.	Castelán e Galego para inmigrantes .....	17
2.6.	Aulas de Emprendemento .....	17
2.7.	Aula de capacitación dixital.....	17
3.	Aspectos organizativos.....	17
3.1.	Horarios .....	17
3.1.1.	Horario lectivo .....	18
3.1.2.	Horario no que o centro permanece aberto á disposición da comunidade educativa.....	18
3.1.3.	Horario de veRÁN .....	18
3.2.	Actividades complementarias e extraescolares .....	18
3.3.	Programa de formación do profesorado no centro.....	20
3.4.	Servizos complementarios.....	20
3.4.1.	Transporte.....	20
3.5.	NOFC.....	20

---

3.6.	Aula de convivencia .....	20
3.7.	Formación en centros de traballo .....	20
4.	Xestión de recursos .....	21
4.1.	Xestión de recursos humanos.....	22
4.2.	Xestión de recursos materiais .....	22
5.	Outros aspectos.....	22
5.1.	Data de aprobación do proxecto educativo .....	22
5.2.	Data de aprobación do proxecto lingüístico polo claustro e informado o consello escolar .....	22
5.3.	Data de aprobación polo claustro da PXA.....	22
5.4.	Data de aprobación polo Consello Escolar da PXA.....	23
5.5.	Data de aprobación da PXA pola persoa que exerce a dirección e envío á inspección.....	23

## 1. ASPECTOS XERAIS

Os aspectos xerais da programación xeral anual son os descritos a continuación.

### 1.1. OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL

Tendo en conta a **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a LOE de 2006 (LOMLOE)**, os obxectivos específicos que o Centro propón consolidar neste curso académico 2023-2024, son os seguintes:

- Acadar o máximo desenvolvemento das capacidades de todas e cada unha das persoas que componen o alumnado do centro educativo.
- Capacitar a todo o alumnado para o exercicio dunha actividade profesional así como para a transición á vida activa.
- Capacitar academicamente a aquelas persoas que rematen a etapa educativa do bacharelato semipresencial ou estudos de ciclo superior para a incorporación a estudos universitarios.
- Revisión e modificación do Proxecto Educativo do Centro coas achegas e suggestións de todos os sectores implicados no proceso educativo do alumnado, de xeito que sexa operativo.
- Desenvolver valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención de violencia de xénero.
- Formar a todo o conxunto do alumnado no respecto á pluralidade lingüística e cultural, aproveitando a diversidade persoal coa que no centro se pode contar.
- Desenvolver no contorno educativo un clima positivo de cara á diversidade, entendida esta diversidade como elemento enriquecedor.
- Buscar unha efectiva igualdade de oportunidades entre性os e acadar por parte de todo o colectivo que convive dentro do recinto escolar un compromiso de rexacemento a todo tipo de discriminación física, psíquica ou por motivos de raza, relixión ou calquera outra condición.
- Manter un ambiente cordial e de participación democrática nos estamentos do centro, buscando, na medida do posible, a colaboración dentro de cada colectivo ou entre eles cando se precise.
- Fomentar en todo momento e dende o inicio ata o remate da estadía do alumnado no centro, a relación entre o centro e as familias (nais/pais ou representantes legais) para que sexan sempre conscientes da situación na que se atopan.
- Dar a coñecer e traballar desde comezo do curso as NOFC e o Plan de Convivencia do Centro.
- Manter unha liña de relacóns do centro coas distintas Administracións e Institucións, entidades colaboradoras, empresas etc.
- Loitar por manter todas as etapas educativas que se imparten actualmente no centro e, de ser posible, incrementalas para asegurar a continuidade como referente na formación profesional e de adultos na comarca da Terra Chá.
- Realizar actividades que fomenten a autoestima, as relacóns interpersoais e as competencias socioemocionais, potenciando as actividades deportivas, lúdicas e de lectura durante o período de lecer

### 1.2. MEDIDAS A LEVAR A CABO

Para a consecución dos obxectivos antes mencionados tentaranse pór en práctica as seguintes medidas:

- Facer unha análise da situación da igualdade no centro e manter un contacto estreito e colaborativo coa Concellería de Cultura, Comunicación e Igualdade do Concello de Vilalba.
- Revisar e continuar co plan de convivencia iniciado en cursos anteriores.

- Manter actualizado o plan de atención á diversidade en colaboración co Departamento de Orientación.
- Potenciar o contacto coas nais, pais e representantes legais do alumnado.
- Potenciar as reunións periódicas entre Xunta de Delegados, Departamento de Orientación e Equipo Directivo.
- Potenciar o plan de acción titorial.
- Fomentar o interese do alumnado polos programas de mobilidades Erasmus+ como medida de desenvolvemento persoal e profesional, continuando cos programas KA-102 (ciclos medios e básicos) e KA-103 no centro con mobilidades de alumnado de ciclos superiores.
- Aplicar medidas tendentes a lograr a implicación do alumnado na vida do centro, intentando fomentar a súa participación no Consello Escolar, na xunta de delegados, etc.
- Continuar coa actualización e mantemento da nova páxina web e das redes sociais do centro.
- Seguir a potenciar o uso da aula virtual e das ferramentas de videoconferencia entre todo o profesorado dos distintos departamentos do centro como ferramentas de traballo e aprendizaxe cooperativa para a aplicación das TIC na aula.
- Potenciar as ensinanzas do centro cara o exterior:
  - o Continuar co programa de visitas aos distintos IES e CEIP da contorna para dar a coñecer a oferta educativa coa que conta o instituto na actualidade.
  - o Fomentar a colaboración co IES Basanta Silva para dar a coñecer a nosa oferta educativa, participando en mesas redondas, xornadas de portas abertas etc.
  - o Levar a cabo proxectos divulgativos das nosas ensinanzas cos ditos centros da contorna nos que o alumnado do noso centro poderá expoñer de primeira man o seu paso polo centro e a súa experiencia laboral
  - o Dar a coñecer o noso centro entre a poboación da contorna mediante a impartición de cursos AFD como parte do convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía, Emprego e Industria.
  - o Manter o contacto coa oficina do Servizo Público de Emprego Estatal de Vilalba iniciado a raíz da impartición de cursos AFD.
  - o Potenciar o contacto coa Concellería de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados do Concello de Vilalba en busca de formas de colaboración na difusión das nosas ensinanzas.
- Actualizar o Plan de Autoprotección e realizar o simulacro de emergencia.
- Continuar co traballo de prevención da drogadicción, adicción ao xogo, trastornos alimentarios, violencia de xénero e outros temas transversais.
- Potenciar o uso biblioteca como espazo de traballo e emprego do catálogo bibliográfico para actividade lectiva das distintas materias e módulos presentes no centro.
- Participar outro ano máis en programas da Consellería de Educación que fomenten o emprendemento tales como Eduemprende.
- Continuar co apoio educativo dentro e fora da aula.
- Potenciar a lectura co desenvolvemento do Club de Lectura e o Proxecto Lector de Centro, establecendo colaboracións con outros centros educativos.
- Continuar realizando melloras nas instalacións do centro encamiñadas á consecución dos seus fins:
  - o Continuar contando coa colaboración dos departamentos de Electricidade e electrónica, Informática e comunicacións e Transporte e mantemento de vehículos no mantemento e mellora das instalacións e equipamentos informáticos do centro.
  - o Continuar con medidas para aforro no consumo enerxético: substitución de tubos fluorescentes por tubos LED, rutina de vixilancia de apagado de ordenadores e peche de portas e ventás, control de calefacción, colocacións de sensores de movemento nos baños, etc
  - o Ampliación das placas fotovoltaicas para mellora da eficiencia enerxética no centro.

- Realizar obras para acondicionamento de aulas e outros espazos, instalación de equipos informáticos e doutro tipo.
- Realizar melloras nos elementos obsoletos ou deteriorados.

### 1.3. RECURSOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN

Para a consecución dos obxectivos fixados o IES Lois Peña Novo conta coas instalacións e equipamentos dotados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo, a Consellería é a encargada do financiamento anual da actividade que se leva a cabo no centro, ben sexa a través do orzamento para gastos xerais ou de partidas finalistas para distintas actividades como a dinamización lingüística, a mellora de bibliotecas escolares etc.

### 1.4. OFERTA EDUCATIVA NO CENTRO NO CURSO 2023-2024

No presente curso 2023-2024 no IES Lois Peña Novo impártense as seguintes ensinanzas:

Formación profesional.

- 1º e 2º curso do ciclo formativo de grao medio da familia de Electricidade e electrónica, Instalacións eléctricas e automáticas.
- 1º e 2º curso do ciclo formativo de grao medio da familia de Transporte e mantemento de vehículos , Electromecánica de vehículos automóbiles.
- 1º e 2º curso do ciclo formativo de grao superior da familia de Administración e xestión, Administración e Finanzas.
- 1º e 2º curso do ciclo formativo de grao superior da familia de Informática e comunicacións, Administración de Sistemas informáticos en rede.
- 1º e 2º curso do ciclo formativo de grao medio da familia de Servizos socioculturais e á comunidade, Atención a persoas en situación de dependencia.
- 1º e 2º curso do ciclo formativo de grao básico da familia de Informática e comunicacións, Informática de oficina.
- 1º e 2º curso do ciclo formativo de grao básico da familia de Transporte e mantemento de vehículos, Mantemento de vehículos.
- Módulos formativos do 1º curso do ciclo formativo de grao superior da familia de Instalación e Mantemento, Mecatrónica Industrial.

Ensinanzas de adultos.

- 1º e 2º do Bacharelato semi-presencial de Humanidades e Ciencias Sociais.
- ESA (III e IV).
- Galego e Castelán para inmigrantes.

Programa CUALE.

- Inglés B1

Aula de capacitación dixital.

### 1.5. ÓRGANOS DE GOBERNO

No que se refire aos recursos humanos cos que conta o instituto para poder levar a cabo as distintas tarefas encamiñadas á consecución dos fins antes mencionados dispónse a seguinte organización:

## Unipersoais

- Persoa que exerce a dirección: Víctor Alfredo Peinó Díaz.
- Persoa que exerce a vicedirección: Marcial Bernedo Álvarez.
- Persoa que exerce a secretaría: Carmen Mato Varela.
- Persoa que exerce a xefatura de estudos de diúrno: José Luis Pena Gómez.
- Persoa que exerce a xefatura de estudos de adultos: María Felpeto Losada.

## Colexiados

- Claustro: está integrado por 39 profesores e profesoras, entre os que se atopa unha persoa do corpo de mestres pola especialidade de Pedagogía terapéutica que realiza reforzos educativos nos cursos dos ciclos FP Básica de Informática de oficina e Mantemento de vehículos e outra persoa do corpo de profesores de ensino secundario pola especialidade de Orientación educativa. O resto do profesorado imparte ensinanzas de Formación Profesional, Bacharelato e Ensino Secundario de persoas Adultas.
- Consello Escolar: O Consello Escolar actualmente está constituído pola persoa que exerce a dirección, a persoa que exerce a secretaría, a persoa que exerce a xefatura de estudos de diúrno, a persoa que exerce a xefatura de estudos de adultos, cinco representantes do claustro de profesorado, a persoa representante do Concello na persoa de D. Eduardo Vidal Baamonde, a persoa representante da Asociación de Empresarios Sete Pontes na persoa de D. Jesús Manuel Vivero Carracedo e a persoa representante do persoal non docente na persoa de D. Juan Carlos García Rodríguez. Ademais hai dous representantes do alumnado: Junior García Miragaya e David Lozano López; e un representante dos pais/nais: Eliana Campos Gallego.

Dentro do Consello Escolar constitúense:

### Comisión da biblioteca:

- Eduardo Vidal por parte do concello.
- Leticia Adrio como coordinadora da biblioteca do centro.
- A persoa responsable da biblioteca pública de Vilalba por parte do concello. Atenea Ruibal Durán.
- Marcial Bernedo como representante do equipo directivo e presidente da comisión.

### Comisión da convivencia:

- José Luis Pena como representante do equipo directivo e presidente da comisión.
- Elena Pereira do departamento de orientación.
- Beatriz Traveso Rodríguez do departamento de orientación.
- M<sup>a</sup> Soledad Prado Álvarez.
- Juan Carlos García do persoal non docente.
- Junior García como representante do alumnado.

### Comisión económica:

- Carmen Mato Varela como representante do equipo directivo e presidente da comisión.
- M<sup>a</sup> Soledad Prado Álvarez.
- José Ocampo Otero.

### Comisión de igualdade:

- María Felpeto Losada como representante do equipo directivo e responsable da comisión.
- Juan Carlos Dorado Herbón.
- M<sup>a</sup> Soledad Prado Álvarez.

## 1.6. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Departamentos didácticos

Segundo as ensinanzas impartidas no centro constituíronse os seguintes departamentos:

DEPARTAMENTO	XEFE/A DO DEPARTAMENTO
Administración	Blanco López, M <sup>a</sup> Jesús
Economía	Garza Vazquez, Ana María
Educación física e deportiva	Bermúdez Salinas, María
Electricidade e Electrónica	Pernas Ramos, José Luis
Filosofía	Álvarez Salgado, Iván
Ciencias Naturais	Casal Dablanca, Nuria
Formación e orientación laboral	Doval García, Isabel
Formación en centros de trabalho	Ocampo Otero, José
Informática	Álvarez Paredes, Francisco Javier
Inglés	Yáñez Castiñeira, Marta
Instalación e Mantemento	Pérez Rellan, Teolindo

Latín	Álvarez Salgado, Iván
Lingua castelá e literatura	Felpeto Losada, María
Lingua galega e literatura	Arias García, Ana Isabel
Matemáticas	Paz Fuentes, María Antonia
Orientación	Traveso Rodríguez, Beatriz
Servizos Socioculturais e á Comunidade	Fouz Calvete, María Elena
Transporte e mantemento de vehículos	Dorado Herbón, Juan Carlos
Xeografía e historia	Sardiña Río, Tania

#### Departamento Orientación

A persoa que exerce a xefatura de departamento é Traveso Rodríguez, Beatriz e a composición de dito departamento para o actual curso 2023-2024 é a seguinte:

Profesorado	Representación
Isabel Doval García	Departamento de FOL
Tania Sardiña Rio	Ámbito lingüístico
Elena Fouz Calvete	Familia servizos socioculturais e á comunidade
José Luis Pena Gómez	Familia de Informática
María Soledad Prado	Familia de Administración e Finanzas
Pereira García, Elena	Mestra de Pedagogía Terapéutica
Manuel Fernández Pérez	Familia de Transporte e mantemento de vehículos

José Luis Ledo Saco	Familia de Electricidade e electrónica e Ciencias
Nuria Casal Dablanca	Familia de Mantemento e Instalacións

Departamento de actividades complementarias e extraescolares

A persoa designada para promover e organizar as actividades complementarias é a persoa que exerce a vicedirección, Marcial Bernedo Álvarez.

## 1.7. OUTROS ÓRGANOS

**Comisión de Coordinación Pedagógica** que estará presidida pola persoa que exerce a dirección e integradas polas persoas que exercen as xefaturas de diúrno e adultos, as persoas que exercen as xefaturas de departamento, a persoa que exerce a coordinación da FCT, a coordinación da Biblioteca, a persoa que exerce a coordinación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o profesorado de apoio.

**Coordinación de FCT:** a persoa designada para encargarse de todo o relacionado coa formación do alumnado en centros de traballo é José Ocampo Otero.

**Equipo de Dinamización da Lingua Galega:** está composto polas seguintes persoas:

- En representación do profesorado:
  - M<sup>a</sup> Cristina Sanz Díaz (Dpto de Electricidade )
  - Esther Rodríguez Rodríguez (Dpto de Automoción)
  - María Antonia Paz Fuentes (Dpto de Matemáticas)
  - M<sup>a</sup> Jesús Blanco López (Dpto de Administrativo)
  - Ana Isabel Arias García ( Dpto de LGeL e coordinadora do EDLG)
- En representación do alumnado:
  - David López Gil (2º de FP Básica de MV)
  - Eloy Ocampo Insua (2º de FP Básica de MV)
  - Miguel Ángel Edrosa Carreiras (2º de FP Básica de MV)
  - Iván Duarte Arias (2º de FP Básica de MV)
  - Pablo Rañán Díaz ( 1º de FP Básica de IO)
  - Martín Rañán Díaz ( 1º de FP Básica de IO)
  - Ismael Ruíz Fernández ( 1º de FP Básica de IO)
  - Javier Regueiro González ( 1º de FP Básica de IO)
  - Sergio Montes Currás ( 1º de FP Básica de IO)
  - Mame Diarra Fall (1º de FP Básica de IO)
- En representación do persoal non docente:
  - José Manuel Ramos Millor (Conserxe)
  - Juán Carlos García Rodríguez (Conserxe)

Equipo de apoio da Biblioteca

- Leticia López Adrio (coordinadora)
- Isabel Doval García
- Elena Fouz Calvete
- María Antonia Paz Fuentes
- Iván Álvarez Salgado

## Equipo de dinamización TIC

O profesor encargado da dinamización TIC do IES é Germán Feijoo Pereira.

### Titorías

A designación das titorías fíxose de acordo co establecido no artigo 58 do regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria, quedando como segue:

Grupo	Titor/a
1º Bacharelato adultos	Paz Fuentes, María Antonia
2º Bacharelato adultos Humanidades e CCSS	Yáñez Castiñeira, Marta
1º Administración e finanzas	Blanco López, María Jesús
2º Administración e finanzas	Prado Álvarez, María Soledad
1º Administración Sistemas informáticos en rede	Carballal Vázquez, Patricia
2º Administración Sistemas informáticos en rede	Feijoo Pereira, Germán
1º Instalacións eléctricas e automáticas	González Fernández, Xaquelle
2º Instalacións eléctricas e automáticas	Sanz Díaz, María Cristina
1º Electromecánica de vehículos automóbiles	Fernández Pérez, Manuel
2º Electromecánica de vehículos automóbiles	Ocampo Otero, José
ESA III e IV	Álvarez Salgado, Iván
1º FP Básica de Mantemento de vehículos	Cancelas López, Manuel
2º FP Básica de Mantemento de vehículos	Rodríguez Rodríguez, Esther
1º FP Básica de Informática de oficina	Somoza Amado, José Luis
2º FP Básica de Informática de oficina	Rodríguez Fernández, Luis Eduardo
1º CM Atención a persoas en sit. de dependencia	Paz Combarro, María Sara

2º CM Atención a persoas en sit. de dependencia

Prieto Roca, Mª Carmen

## 1.8. XUNTA DE DELEGADOS

O título V do decreto 324/1996 recolle que nos Institutos de Educación Secundaria existirá unha Xunta de Delegados, elemento fundamental para a participación do alumnado na vida do centro, no contacto co profesorado, coa institución, etc. Dita xunta, no curso 2023-2024 está composta polos seguintes membros:

CURSO	DELEGADO/A	SUBDELEGADO/A
1º CS ASIR	Juan Carlos León Ojeda	Jesús Alberto Pereira Bernardo
2º CS ASIR	Iván Díaz Miragaya	Aarón Díaz Gandoy
1º CS AF	Nerea Basanta Pedreira	Luis Ángel Pereira Uzcategui
2º CS AF	Marcos Gómez Aguiar	Adriana Lado Vázquez
1º CM ATPSD	Yareimi Calaña Hernández	Antía Rodríguez Fraga
2º CM ATPSD	Junior García Miragaya	Alejandra-María Paz Neira
1º CM ELVEA	Jesús Vázquez Roca	Pedro Pernas Lozano
2º CM ELVEA	José Abraham Fdez. Paredes	Rubén Veiga Rocandio
1º CM IEA	José Luis Ares Ríos	Álex Martínez Gil
2º CM IEA	Adrián Lorigados Losada	Nicolás Santomé Folgueira
1º FPB MANT.	Mario Castro Abollo	Carlos Maseda Honzelnan
2º FPB MANT.	Iván Duarte Arias	Miguel Ángel Edrosa Carreira
1º FPB INF.	Antonio Arroyo Tuda	Natalia Campello Aguiar
2º FPB INF.	Adil Hamdouch	Constantin Alexander Lazar
ESA III-IV	José Manuel Spinola Fraga	Juan Carlos Marín Suárez
1º BACH.	Francisco Javier Pita Seoane	Christian Bacelo García

2º BACH.	Uxía Hermida García	Nuria Gesto Paredes
Mecatrónica	Martín Rouco López	Álex Poupariña Naseiro

O representante da Xunta de delegados é Uxía Hermida García.

## 1.9. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

En canto á actividade docente, hai que fixar unhas datas para levar a cabo a avaliación do alumnado por parte dos distintos equipos docentes. Inicialmente pártese dunha avaliación para coñecer a situación e as necesidades de cada grupo co ánimo de conseguir os obxectivos establecidos. Ao longo de cada trimestre farase o traballo a avaliar dentro do mesmo e ao remate culminarase o proceso coa valoración final do traballo feito. Para levar a cabo esta tarefa establecéntense as seguintes datas, acordadas previamente na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

### Avaliaciós iniciais dos Ciclos Formativos

As sesións de avaliación inicial de cada un dos ciclos formativos desenvolvéronse entre os días 26 de setembro e o 6 de novembro, ámbolos dous incluídos coa seguinte distribución diaria:

DATA	GRUPO	HORA
MARTES 26/09	2º FPB Informática	11:15
	2º FPB Mecánica	11:15
MÉRCORES 27/09	2º CM IEA	11:15
	1º FPB Informática	16:00
	1º FPB Mecánica	16:30
	1º CM APSD	17:15
	1º CM IEA	17:50
	1º CM EVA	18:30
	2º CM EVA	19:15
XOVES 28/09	2º CS ASIR	11:15

	1º CS ASIR	18:00
	2º CS AF	18:30
	1º CS AF	19:00
VENRES 29/09	1º CS Mecatrónica	12:35
LUNS 02/10	2º CM APSD	11:15

Avaliacións trimestrais e finais das distintas etapas educativa

A continuación detállase o calendario previsto de evaluacións aprobado na Comisión de Coordinación Pedagógica para desenvolver ao longo do curso académico 2023-2024:

#### DATAS DE AVALIACIÓN FP BÁSICA

AVALIACIÓN	1º CURSO FPB	2º CURSO FPB
1ª parcial	19/12/2023	20/12/2023
2ª parcial	13/03/2024	14/03/2024
3ª parcial		
Final de módulos	11/06/2024	11/04/2024
Final extraordinaria	24/06/2024	
Final de ciclo		24/06/2024

#### DATAS DE AVALIACIÓN CICLOS MEDIOS E SUPERIORES

AVALIACIÓN	1º CURSO CM CS	2º CURSO CM CS
1ª parcial	19/12/2023	20/12/2023
2ª parcial	13/03/2024	20/03/2024
3ª parcial	11/06/2024	
Final de módulos	24/06/2024	24/06/2024

## DATAS DE AVALIACIÓN SESA

AVALIACIÓN	ESA III	ESA IV
1ª parcial	16/11/2023	15/04/2024
Av. ordinaria	07/02/2024	11/06/2024
Av. extraordinaria	27/05/2024	24/06/2024

## DATAS DE AVALIACIÓN BACHARELATO

AVALIACIÓN	1º BACH	2º BACH
1ª parcial	19/12/2023	20/12/2023
2ª parcial	18/03/2024	14/03/2024
Av. ordinaria	11/06/2024	16/05/2024
Av. extraordinaria	24/06/2024	24/06/2024

Período de realización da formación en centros de traballo

CICLO	COMEZO	FIN
Ciclos medios ordinario	03/04/2024	14/06/2024
Ciclos superiores ordinario	08/04/2024	14/06/2024
FP Básica	18/04/2024	14/06/2024
Ciclo superior adultos dual	15/03/2024	31/08/2024

## 2. ASPECTOS CURRICULARES

Os aspectos curriculares da programación xeral anual son os expostos a continuación.

### 2.1. PLANS

A continuación describense os diferentes plans contidos nos aspectos curriculares.

## 2.1.1. PLAN DE CONVIVENCIA

O Decreto 8/2015 dedica a sección 1ª do capítulo II, do título II o plan de convivencia, indicando que é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente.

[Ver anexo I.](#)

## 2.1.2. PLAN DE ORIENTACIÓN

O plan de orientación establece procesos e estratexias de actuación encamiñadas ao desenvolvemento académico do alumnado e á optimización dos procesos de Ensino-Aprendizaxe.

[Ver anexo II.](#)

## 2.1.3. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A acción titorial está intrinsecamente vinculada á función docente. A titoría convértese no eixo da función orientadora, ao entender a orientación como o acompañamento e o asesoramento do alumnado ao longo do período escolar como un proceso continuo e dirixido ao desenvolvemento integral de todo o alumnado e a todos os niveis.

[Ver anexo III.](#)

## 2.1.4. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

[Ver anexo IV.](#)

## 2.1.5. PLAN ANUAL DE LECTURA

O Plan Anual de Lectura (PAL) é un documento a curto prazo, que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector nun curso escolar concreto

[Ver anexo XIV Plan De Lectura.](#)

## 2.1.6. PLAN DE IGUALDADE

O Plan de Igualdade do IES Lois Peña Novo de Vilalba é un documento elaborado ao abeiro da instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional e Innovación Educativa que ten por obxecto regular a elaboración do plan de igualdade dos centros docentes sostidos con fondos públicos.

[Ver anexo V.](#)

## 2.2. PROXECTOS

A continuación se describen os diferentes proxectos contidos nos aspectos curriculares.

### 2.2.1. PROXECTO LINGÜÍSTICO

Detállase o Proxecto lingüístico no documento que se subministra na seguinte ligazón: Ver [Anexo VI](#)

Plan Anual de Actividades para o fomento do uso da lingua galega: Ver [Anexo VII](#)

Addenda na que se reflicten os cambios producidos con respecto ao curso anterior: Ver [Anexo VIII](#)

## 2.3. PROGRAMAS

A continuación descríbense os programas nos que participa o centro educativo.

### 2.3.1. PROGRAMAS EUROPEOS ERASMUS+

Este ano o centro continuará formando parte do programa de mobilidades a través do proxecto de mobilidade KA-131 para titulados superiores e buscaranse candidatos para participar nel.

Tamén continuará formando parte do programa de mobilidades a través do proxecto de mobilidade KA-102 para o alumnado e persoal de ciclos formativos de grao medio e de FP básica.

### 2.3.2. PROGRAMA CUALE

O programa CUALE é un programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado como preparación para as probas de certificación dos niveis das ensinanzas especializadas de idiomas. O centro participa neste programa impartindo formación complementaria en inglés na modalidade B1 acadando cada ano porcentaxes más elevadas de probas de certificación superadas.

## 2.4. CURSOS AFD

Como resultado do acordo de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía, Emprego e Industria para a coordinación das ofertas de formación profesional nos centros que imparten ensinanzas de formación profesional da nosa Comunidade Autónoma, o noso centro leva varios anos participando no programa de Accións Formativas dirixidas prioritariamente a Desempregados (AFD).

Varios departamentos solicitan a impartición de cursos AFD:

Departamento de Informática e comunicacíons:

"Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos"

Departamento de Transporte e mantemento de vehículos:

"Operacións auxiliares de mantemento en electromecánica de vehículos"

## 2.5. CASTELÁN E GALEGO PARA INMIGRANTES

Existen grupos de Castelán e de Galego desta ensinanza básica non regrada no noso centro no presente curso 2023/2024.

Para desenvolver a programación baseámonos no Marco Común Europeo de Referencia das linguas.

## 2.6. AULAS DE EMPRENDEMENTO

A actuación Aulas de emprendemento na formación profesional enmárcase no marco do fomento do emprendemento desenvolvido polo Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, eduemprende, constituíndo unha estratexia para impulsar as habilidades persoais e profesionais encamiñadas a potenciar o emprendemento e o autoemprego.

Esta actuación establecece dentro da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Ministerio de Educación y Formación Profesional.

Neste contexto, ponse en marcha a iniciativa de crear espazos de emprendemento nos centros docentes públicos galegos que permitan establecer unha estratexia para impulsar as habilidades emprendedoras imprescindibles no novo marco socioeconómico cara ao que se encamiña a nosa economía.

O programa Aulas de emprendemento na formación profesional ten como obxectivo a creación de aulas de emprendemento nos centros educativos públicos que impartan ensinanzas de grao medio ou superior de formación profesional co obxectivo de canalizar as iniciativas emprendedoras do alumnado, en particular do alumnado que está próximo a finalizar os ciclos. Deste xeito, preténdese facilitar a súa inserción e desenvolvemento no mercado laboral, tamén como traballadores por conta propia.

O noso centro resultou seleccionado na convocatoria de 2022 e a persoa que se encarga da coordinación é Beatriz Traveso. Neste curso 2023-2024, o centro continua participando neste programa.

## 2.7. AULA DE CAPACITACIÓN DIXITAL

A aula de capacitación dixital organiza actividades dirixidas aos maiores de 55 anos, atendendo especialmente a brecha de xénero á poboación vulnerable e ás zonas rurais. Esta actuación permitirá á cidadanía formarse en competencias dixitais transversais necesarias para desenvolverse de forma cotiá nunha sociedade cada vez más dixitalizada, na que servizos esenciais, tales como a banca, o acceso ás administracións públicas ou o consumo realizanse de forma telemática. Os cursos teñen unha duración de 30 horas e son impartidos polo profesorado do departamento de Informática.

## 3. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

A continuación describense os aspectos organizativos da programación xeral anual.

### 3.1. HORARIOS

Durante o actual curso académico, para os grupos dos ciclos formativos de grao medio, superior e de FP Básica, as clases distribuiranse de luns a venres de 8:45 a 14:15 horas cun descanso de 11:15 a 11:45. Polas tardes, os grupos de FP Básica terán clase de 15:30 a 18:00 horas os luns e, os ciclos de réxime ordinario restantes, os luns e xoves tamén de 15:30-18:00. Os grupos de ESA e Bacharelato semipresencial terán

como horario lectivo de luns a xoves de 18:00 a 22:00 horas. O ciclo formativo de réxime de adultos en modalidade dual, impártese de luns a venres en horario de 15:30 a 21:50, con dous descansos de 15 min ás 18.00h e ás 19.55h.

### 3.1.1. HORARIO LECTIVO

Horario lectivo	De mañá	De tarde
Luns a venres	08.45 a 14.15	15.30 a 22.00

Tempo de lecer	ESA – Bacharelato	Ciclos Ordinario	Ciclos Adultos
Luns a venres	19.30 a 19.45	11.15 a 11.45	18.00 a 18.15    19.55 a 20.10

### 3.1.2. HORARIO NO QUE O CENTRO PERMANECE ABERTO Á DISPOSICIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

O horario de servizos para o alumnado do centro será durante todo o horario lectivo.

### 3.1.3. HORARIO DE VERÁN

Horario apertura á comunidade:

- Mes de xullo 9:00 a 14:00
- Mes de agosto 10:00 a 13:00

## 3.2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dentro do programa de actividades deste curso pretendemos dinamizar a vida do IES e a relación dos membros da comunidade educativa entre si e co seu contorno. Buscarase a participación e colaboración cos distintos departamentos, co alumnado (especialmente a través da relación coas persoas delegadas), co profesorado (cun fincapé nas persoas titoras) e coas familias. Ademais, tentaremos responder ás diferentes propostas que poidan vir derivadas da programación das diferentes institucións educativas e da administración, tales como conferencias, proxeccións cinematográficas, conmemoracións...

Os valores valen por si mesmos, son importantes polo que son, polo que significan e o que representan, e non polo que se opine deles. Son a base para vivir en comunidade e poder relacionarnos coas demais persoas, de aí que queremos traballar, fomentar e inculcar valores coma a igualdade, o respecto, a autoestima, a tolerancia, honestidade, compañerismo, xustiza, a educación en toda a súa extensión, traballando para iso con outros departamentos e especialmente con Orientación na realización de moitas das actividades que propoñemos para este curso escolar 2023-2024.

Todas as actividades contempladas nesta programación poden estar suxeitas a modificacións que se aprobarán en Consello Escolar segundo establece o artigo 75 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro.

### ACTIVIDADES VICEDIRECCIÓN E DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Dende Vicedirección e traballando xunto co departamento de Orientación levaremos a cabo as seguintes actividades:

- Conmemoracións establecidas segundo a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Durante o curso escolar celebraranse as seguintes conmemoracións:
    - 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
    - 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
    - Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
    - 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
    - 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
    - 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
    - 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
    - 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
    - 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
    - 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
    - Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
    - 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
    - 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
    - Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
    - 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
    - 9 de maio de 2024: Día de Europa.
    - Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
    - 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Outras conmemoracións:

- Xornada de primeiros auxilios para alumnado e profesorado. Plan de autoprotección.
- Actividades durante festividades como:
  - Previas ás vacacións de Nadal
  - Entroido
- Samaín
- Magosto
- Xornada de portas abertas do centro.
- Actos de graduación.

Programación da actividades da biblioteca ao longo do curso, poden consultarse no [Anexo XV](#).

Dentro dos distintos departamentos recóllese as seguintes actividades complementarias ([Anexo X](#)) que poden estar suxeitas a cambios nas datas estimadas de programación por cuestións organizativas do departamento.

### 3.3. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

No presente curso académico 2023-2024 continuaremos co Plan de Formación Permanente do Profesorado a través do CFR Lugo que a través do cal se desenvolverá o plan dixital de centro que foi elaborado o curso pasado. Como en anos anteriores facilitarase, na medida do posible, e sempre que non incida directamente na actividade docente, tal e como se recolle na normativa sobre a formación do profesorado, a participación do todo o persoal docente que o deseñe nas actividades de formación distintas das nomeadas no parágrafo anterior programadas pola Consellería de Educación e outras que poidan chegar dende as universidades, sindicatos etc. Estas actividades formativas poderanse levar a cabo sempre que se conte co correspondente permiso, ben sexa co informe da Inspección Educativa ou concedido dende a Dirección Xeral naquelas actividades que realicen Servizos Centrais ou o CAFI, e se poida cubrir o horario lectivo do centro sen prexudicar ou lesionar os intereses do alumnado.

### 3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Descripción dos servizos complementarios do centro.

#### 3.4.1. TRANSPORTE

No presente curso non temos o servizo de transporte nin de comedor.

### 3.5. NOFC

As NOFC actuais están recollidas no documento que se subministra na seguinte ligazón:

[Anexo IX](#)

### 3.6. AULA DE CONVIVENCIA

O centro, debido a falta de espazos e profesorado, non dispón de aula de convivencia.

### 3.7. FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

A continuación expóñense as liñas básicas de actuación e detállase no documento que se subministra de seguido:

[Anexo XI](#)

Duración dos módulos da FCT

CS Administración e finanzas: 384 h.

CM Instalacións eléctricas e automáticas: 410 h.

CM Electromecánica de vehículos automóbiles: 410 h.

CM Atención a persoas en situación de dependencia 410 h.

CS Administración de sistemas Informáticos en rede: 384 h.

F.P Básica Mantemento de Vehículos: 320 h.

F.P Básica Informática Oficina: 320 h.

A duración diaria da xornada do alumnado no centro de traballo debe ser igual ao horario laboral da empresa.

No número de horas están incluídas as destinadas ás xornadas nas que o alumnado debe acudir o centro educativo para as accións titoriais co profesor titor (unha reunión quincenal ).

Os ciclos medios comezan a FCT o 3 de abril.

Os ciclos superiores comezan a FCT o 8 de abril.

A FP básica comeza a FCT o 18 de abril.

O 16 de xuño remata a FCT para todos os ciclos (medios, superiores, básicos.)

Profesorado titor da FCT no presente curso

Prado Álvarez, Soledad: CS Administración e finanzas

Feijoo Pereira, Germán: CS Administración sistemas informáticos en rede

Pérez Rellan, Teolindo: CS Mecatrónica Industrial

Prieto Roca, M.<sup>a</sup> Carmen: CM Atención a persoas en situación de dependencia

Ocampo Otero, José: CM Electromecánica de vehículos

Sanz Díaz, Cristina: CM Instalacións eléctricas e automáticas

Álvarez Paredes, Francisco: FP. Básica Informática de oficina

Rodríguez Rodríguez, Esther: FP. Básica Mantemento de vehículos

Ocampo Otero, José: Persoa coordinadora da FCT

## 4. XESTIÓN DE RECURSOS

A xestión de recursos comprende tanto os materiais como os humanos.

## 4.1. XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

O Documento de Organización do Centro (DOC) para o curso académico 2023-2024 elaborase segundo os datos que constan na aplicación de xestión académica XADE. Este documento envíase ao Servizo Provincial de Inspección Educativa.

## 4.2. XESTIÓN DE RECURSOS MATERIAIS

Achégase proxecto de orzamento do ano 2023 dado que é o que estará vixente para o primeiro trimestre do curso actual 2023-2024. O anteproxecto de orzamento para o resto do curso elaborarase durante o primeiro trimestre do ano 2024 e será remitido a inspección unha vez elaborado. Pódese consultar o proxecto de orzamento do ano 2023 no documento que se subministra na seguinte ligazón:

[Anexo XIII](#)

Durante a xestión de recursos materiais, teremos en conta as achegas que se reciban dende a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a través dos distintos plans, programas, proxectos e convenios con outras consellerías nos que o centro participe: plans permanentes de formación de profesorado, Eduemprende, Bibliotecas escolares, Erasmus, cursos AFD, proxectos de innovación , CUALE, etc así como das achegas recibidas para levar os traballos e proxectos desenvolvidos no centro a feiras e congresos como a Feira de Miniempresas ou o Congreso FP Innova., de realizárense.

## 5. OUTROS ASPECTOS

A lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a LOE de 2006 (LOMLOE) recolle nos seus artigos que a programación xeral anual debe ser aprobada tanto polo consello escolar como claustro de profesorado.

### 5.1. DATA DE APROBACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

O Proxecto Educativo de centro (PE) foi modificado, ao mesmo tempo que se redactaban as Normas de Organización e Funcionamento do Centro e o Plan de Convivencia. O citado PE volveu ser modificado e aprobado polo Claustro de profesorado e polo Consello Escolar con data do 28 de xuño de 2022.

### 5.2. DATA DE APROBACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO POLO CLAUSTRO E INFORMADO

#### O CONSELLO ESCOLAR

O Proxecto Lingüístico foi aprobado polo Claustro de profesorado do IES Lois Peña Novo e polo Consello Escolar no día 20 de outubro de 2023.

### 5.3. DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO DA PXA

A presente Programación Xeral Anual foi aprobada polo Claustro de profesorado do IES Lois Peña Novo en reunión extraordinaria celebrada o día 20 de outubro de 2023.

## 5.4. DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR DA PXA

A presente Programación Xeral Anual foi aprobada polo Consello Escolar do IES Lois Peña Novo en reunión ordinaria celebrada o día 20 de outubro de 2023.

## 5.5. DATA DE APROBACIÓN DA PXA POLA PERSOA QUE EXERCE A DIRECCIÓN E ENVÍO Á INSPECCIÓN

A presente Programación Xeral Anual foi aprobada pola persoa que exerce a dirección do IES Lois Peña Novo e enviada ao Servizo de Inspección Educativa o día 20 de outubro de 2023.